



Memoria 2024

EAPN GALICIA

Rede Europea Contra a Pobreza

www.pobreza.gal

Índice

PRESENTACIÓN.....	2
ACTUACIÓNS REALIZADAS	5
EMERXENCIA VIVENDA.....	5
INCIDENCIA POLÍTICA NAS ELECCIONS AUTONOMICAS E EUROPEAS	12
INCIDENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS E NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN	17
GRUPO AD HOC REXISTRO E PLAN CONTRA A POBREZA EN FAMILIAS MONOPARENTAIS	20
INCIDENCIA AMTEGA. FENDA DIXITAL, INTELIXENCIA ARTIFICIAL, IMPLICACIÓN TERCEIRO SECTOR DE ACCION SOCIAL.....	21
INCIDENCIA INCLUSIÓN FINANCEIRA E APOROFOBIA BANCARIA. DOCUMENTO GUÍA PARA ENTIDADES	21
PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS. INFORME E DIFUSIÓN SOBRE OPORTUNIDADE PERSOAS VULNERABLES.....	21
GRUPOS DE TRABALLO NA REDE	23
CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN.....	32
ESTRATEGIA COLABORACIÓN UNIVERSIDADES E TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL	37
PARTICIPACIÓN EN EVENTOS CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA	40
DATOS E INFORMACIÓN PARA A LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA	42
APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO ECONOMÍA SOCIAL	46
BOLETÍNS PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN	47
PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA (OFFICE 365, ONE DRIVE, TEAMS)...	49
BOAS PRÁCTICAS AUTOCOIDADO E PREVENCIÓN RISCOS PSICOSOCIAIS NO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL.....	49
MÁIS INFO.....	51

PRESENTACIÓN

A Rede Europea de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social no Estado Español da Comunidade Autónoma de Galicia (EAPN Galicia) é unha entidade non lucrativa e de acción social que agrupa a entidades autonómicas do terceiro sector implicadas na loita contra pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos das persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión mediante a incidencia política e social.

EAPN Galicia nace en setembro de 2008 como resposta natural á necesidade de crear unha ferramenta de intervención social capaz de elaborar estratexias que incidan nas políticas sociais desenvolvidas en Galicia. **Non existía daquela nin existe actualmente, ningunha outra ONG ou plataforma que realice este tipo de actuacións.**

Na actualidade, EAPN Galicia, inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2009/012813-1 e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5769, está constituída por 128 ONG de primeiro nivel **a través dos seus 34 socios directos**¹, coa incorporación de Hogar Sí, Todas elas entidades representativas de colectivos vulnerabilizados que unen en rede os seus esforzos para acadar sinerxías e crear unha plataforma que denuncie as desigualdades sociais, que canalice e dea voz ás demandas do sector para a súa introdución na axenda política.

Accem Galicia | Acción Contra el Hambre | Arela | Asamblea de Cooperación Pola Paz (ACPP) | Asociación para a Prevención e a Educación Social (APES) | Asociación de Migrantes de Galicia (AMIGA) | Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) | Boa Vida Inclusión Activa | Cáritas Lugo | Cáritas Mondoñedo-Ferrol | Cáritas Ourense | Cáritas Tui-Vigo | Centro Desenvolvemento Rural O Viso | Centro Desenvolvemento Rural Portas Abertas | Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) | Ecos do Sur | Emaús Fundación Social | Federación Alzheimer Galicia (FAGAL) | Federación Autismo Galicia | Federación Down Galicia | Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) | Fundación Amaranta | Fundación ECCA Social | Fundación Érguete Integración | Fundación Esplai | Fundación Juan Soñador | Fundación Meniños | Fundación Ronsel | Fundación Secretariado Xitano | Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igxes) | Médicos do Mundo | Mestura | Provivenda | Saúde Mental FEAFES Galicia | AEIGA | Hogar Sí

¹ <http://eapn-galicia.com/entidades-membro/>

EAPN-Galicia forma parte tamén da **European Anti Poverty Network (EAPN Europa)** rede no nivel europeo que leva traballando de modo independente dende 1990, e está integrada en **EAPN España** xunto ás redes autonómicas de todo o estado e cidades autónomas.

EAPN Galicia é a **única plataforma existente na comunidade que agrupa a entidades sociais** que traballan con practicamente todos aqueles colectivos vulnerables establecidos no Artigo 3.1 da Lei 10/2013 de Inclusión Social de Galicia. En ningún caso presta servizos directos a persoas en situación ou risco de pobreza ou exclusión, tampouco ten a posibilidade de presentarse a convocatorias de inclusión social as que xa se presenten as súas entidades membro.

Os obxectivos e actuacións de EAPN Galicia son aquelas que aseguran a unión de esforzos, a creación de sinerxías e o aumento da eficacia e eficiencia das actuacións das súas entidades membro, en especial:



É notable o crecemento experimentado por EAPN Galicia derivado da demanda das súas organizacións membro e do seu papel como interlocutor diante de todo tipo de administracións públicas galegas en todos os eidos relacionados coa inclusión social. Así, xa no 2013 as entidades membro de EAPN Galicia contaban con 1.188 persoas traballadoras e 4.304 persoas voluntarias, beneficiando de xeito directo ou indirecto a máis de 450.000 persoas.

Durante o 2024, EAPN mantivo unha comunicación estable coas **Consellerías de Política Social e Igualdade, Vivenda e Planificación de Infraestructuras e Emprego, Comercio e Emigración**. Tamén coa **Secretaría Xeral de Igualdade** e coas **Consellerías de Facenda e Administración Pública; Medio Rural e Medio Ambiente e Cambio Climático**. EAPN é membro do **Comité de Seguimento do Fondo Social Europeo Galicia 2021 -2027** e do **FEADER Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020** e dende 2022 do **FEDER 2021-2027**.

Durante este período, EAPN Galicia tamén foi membro do **Consello Galego de Benestar, do Consello Galego de Acción Voluntaria** e dende 2019 membro de pleno dereito do **Consello de Economía Social**, en representación das entidades do Terceiro Sector de Acción Social galego.

ACTUACIÓN REALIZADAS

EMERXENCIA VIVENDA

VIII INFORME SITUACIÓN 2024: ASEGURANDO O DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, AXEITADA E ACCESIBLE.

Neste 2024 desde EAPN Galicia realizouse unha intensiva e continua incidencia no fomento do acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible, fomentando espazos de reflexión e diálogo entre profesionais das Administracións Públicas, entidades do Terceiro Sector e outros axentes sociais que traballan para favorecer a inclusión das persoas vulnerabilizadas.

En base ó feito en anos anteriores, elaborouse o [VIII Informe "Asegurando o Dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia."](https://eapn-galicia.com/eapn-galicia-prepara-un-seminario-para-a-presentacion-do-viii-informe-situacion-2024-asegurando-o-dereito-a-unha-vivenda-digna-axeitada-e-accesible-en-galicia/)²

Este informe recolle problemáticas estruturais de acceso á vivenda e da situación do parque de vivenda:

- Senfogarismo.
- Chabolismo e infravivenda.
- Execucións hipotecarias e desafuizamentos da Lei de Arrendamentos Urbanos.
- Escaso parque de vivenda destinado ao alugueiro social.
- Elevado parque de vivenda baleira.
- Escasa capacidade de emancipación da xente nova.
- Condicións de salubridade e falta de accesibilidade das vivendas a prezos asumibles.
- Dificultade para asumir gastos e da manterse na vivenda.




Actualmente, podemos dicir que nos atopamos no contexto dun esperanzador momento político e de comunicación no que semella que, por fin, a emerxencia

² <https://eapn-galicia.com/eapn-galicia-prepara-un-seminario-para-a-presentacion-do-viii-informe-situacion-2024-asegurando-o-dereito-a-unha-vivenda-digna-axeitada-e-accesible-en-galicia/>

no acceso á vivenda está de actualidade e, tanto a nivel estatal, como autonómico, concellos e, mesmo deputacións estamos vendo algúns avances.

SEMINARIO “ASEGURANDO O DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, AXEITADA E ACCESIBLE EN GALICIA”

O informe, que contou coa colaboración da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, fíxose público por primeira vez, no marco do Seminario “Asegurando o dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia”.



O acto tivo lugar o 8 de novembro do 2024, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e contou coa participación de entidades do Terceiro Sector de Acción Social que analizaron as diferentes casuísticas da emerxencia residencial e propuxeron solucións:

- 1- Por que un informe sobre a situación da vivenda? **EAPN Galicia**
- 2- A vivenda: aspiradora de rendas. **EAPN Galicia**
- 3- Encarecemento do alugueiro. **ONG Mestura**
- 4- Senfogarismo. **Fundación Érguete- Integración**
- 5- Chabolismo e infravivenda. **Fundación Secretariado Xitano**

- 6- Accesibilidade Universal: secuestradas nas propias vivendas. **COGAMI**
- 7- Deficiencias nas condicións de habitabilidade e pobreza enerxética. **Cáritas Diocesana Tui-Vigo**
- 8- Emancipación da mocidade: misión imposible. **Fundación Esplai**
- 9- Necesidade de vivenda social en Galicia. **Federación Alzheimer Galicia**
- 10- Desafiuamentos. **Fundación JuanSoñador**
- 11- Vivenda baleira: a situación do rural. **CDR Portas Abertas**
- 12- Catro retos na acción pública para garantir o acceso á vivenda. **EAPN Galicia**
- 13- Un plan para garantir o acceso á vivenda en Galicia. **EAPN Galicia**

Tamén participaron representantes de administracións públicas autonómicas (**Xunta de Galicia e Colexio de Arquitectos de Galicia**) e locais (alcaldías de **Silleda, Curtis e Ames**).

Na segunda parte do seminario, os actores participantes compartiron boas prácticas que se están a levar a cabo no acceso á vivenda e tentaron identificar os principais retos que aínda quedan pendentes por abordar para avanzar e mellorar as políticas a nivel municipal e autonómico neste senso.

Ó seminario asistiron arredor de 80 persoas.

EXPOSICIÓN ITINERANTE #EMERXENCIAVIVENDA

No 2024 continuouse coa incidencia pola loita contra a emerxencia residencial e a campaña **#EmerxenciaVivenda: Polo dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible**, iniciativa que EAPN Galicia leva a cabo desde o 2021..

No marco da campaña, a exposición fotográfica pretende, a través de diferentes paneis, ilustrar as principais problemáticas e causas da exclusión residencial en Galicia.



No 2024, as fotografías expuxéronse na sede da Valedora do Pobo, en Santiago de Compostela, o [29 de febreiro, no marco do Día da Xustiza Social](#)³ e tralas eleccións ó



Parlamento de Galicia. Este acto tivo como obxecto continuar a transmitir, de cara a nova lexislatura, o clamor da sociedade civil galega sobre a gravidade da situación e emerxencia no acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible. Ademais apelábase á necesidade de que a Xunta, Concellos e as forzas políticas con representación en Galicia traballen de forma coordinada e

con ambición para dar solucións e respostas concretas e urxentes á problemática da vivenda en Galicia.

A exposición itinerante percorreu ó longo do ano varios escenarios como o IES Anton Fraguas Fraguas ou a Casa da Cultura de Monforte de Lemos, na que tamén se celebrou unha mesa de diálogo na que se trataron temas como a falta de cultura de alugueiro que existe no rural, vivendas baleiras por non ser aptas para a habitabilidade, ou por ser segundas residencias ou a necesidade de democratizar o acceso á información, especialmente á do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).



Outro dos actos centrais da presentación da exposición neste 2024 foi o que tivo lugar no mes de maio no [Centro Comercial área Central](#),⁴ sito no barrio de Fontiñas en Santiago. Este barrio foi exemplo de facilitar vivenda a milleiros de composteláns e compostelás, supoñendo un dos maiores proxectos de vivenda pública en Galicia.

Trala presentación dos paneis por parte de varias entidades que tecen rede en EAPN Galicia, deuse paso a unha **mesa de diálogo sobre a problemática do acceso á vivenda en Santiago de Compostela**. Nela participaron Iago Lestegás, Concelleiro de

³ <https://eapn-galicia.com/a-exposicion-fotografica-emerxencia-vivenda-chega-a-sede-da-valedora-do-pobo/>

⁴ <https://eapn-galicia.com/a-exposicion-itinerante-emerxencia-vivenda-chega-a-santiago-de-compostela/>

Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica; María Ángeles Domínguez, Secretaria Xeral do IGVS e Maria Luisa Pierres, Secretaria do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A exposición tamén foi trasladada en dúas ocasións á Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Con motivo do XV Encontro de Participación, no mes de xuño, e para ilustrar o Seminario “Garantido o acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible 2024”.



*PROPOSTAS ACCESO A VIVENDA: BONO ALUGUEIRO,
CONVOCATORIA INSERCIÓN SOCIORESIDENCIAL,
PARTICIPACIÓN NO OBSERVATORIO GALEGO DA VIVENDA*

A finais deste 2024 mantívose unha xuntanza coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, recoñecendo que se dera resposta ás peticións que dende EAPN-Galicia levamos anos reclamando. A creación dunha consellería propia de vivenda e a duplicación do parque de vivenda social pública, quedando esta última afastada da nosa inicial demanda de triplicalo. Estas accións serven como punto de partida para avaliar as medidas pendentes en materia de vivenda e avanzar no papel do Terceiro Sector como actor imprescindible na inclusión residencial.



Ademais durante este ano varios dirixentes do IGVS participaron en diferentes actos organizados por EAPN Galicia.


- **María Ángeles Domínguez, Secretaria Xeral do IGVS**, participou na Mesa de diálogo sobre acceso á vivenda en Santiago de Compostela.
- **Javier Arias, Delegado territorial do IGVS en Lugo**, asistiu ao acto de presentación da exposición en Monforte de Lemos.

- **Heriberto García, Director Xeral do IGVS**, participou na Mesa diálogo Retos pendentes no Seminario Asegurando o Dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible.

A reclamación da creación da Sección Social do Observatorio Galego da Vivenda e a participación de EAPN na mesma é un tema que se está a introducir nas xuntanzas relacionadas coa vivenda ás que asistiron membros da Rede ó longo deste 2024 con outros axentes sociais.

A maiores, EAPN Galicia levou a cabo neste 2024 varias actuacións de incidencia política neste eido:

- De cara as eleccións autonómicas en Galicia, elaborouse un documento de propostas e metas para loitar contra a pobreza e exclusión social, que incluía medidas prioritarias para garantir o acceso á vivenda. Esta información difundíuse a medios de comunicación e redes sociais e tamén se presentou as principais forzas políticas parlamentarias en xuntanzas.
- No marco de tecer alianzas, mantivemos varias reunións co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, tanto co propio decano como coa secretaria, cos que creamos espazos de diálogo nos que puidemos pór en común as nosas propostas e iniciar unha relación continuada para fortalecer a incidencia nas políticas de vivenda.
- Ó longo do ano realizouse un seguimento das vivendas públicas comprometidas para esta lexislatura pola Xunta de Galicia e outras medidas nesta materia. Asemade, realizouse un seguimento das boas prácticas levadas a cabo por Concellos, Deputación e Xunta en materia de acceso á vivenda.
- Este diálogo en materia de vivenda tamén se produciu coa Dirección Xeral de Inclusión Social, con xuntanzas nas que se tratou o avance no cumprimento da posta e marcha das 100 vivendas de emerxencia social ou o novo Plan de Atención a Persoas sen Fogar.



- A Rede tamén participou nas xornadas "Cara a unha axenda territorial de Galicia", organizadas pola Fundación RIA, nas que se trataron temas como os factores de exclusión social que operan no ámbito do acceso á vivenda e as súas variacións dependendo do entorno (rural, periurbano ou urbano) no que se dean.



- Co fin de asegurar a implicación das entidades do Terceiro Sector membro, este ano conformouse o Grupo Vivenda de EAPN Galicia. Ademais de definir unha estratexia conxunta e falar dos retos e tarefas pendentes, este grupo participou de forma activa na elaboración do informe e tamén no enfoque do Seminario Asegurando o dereito a unha vivenda digna.



- Como representantes da sociedade civil, e en especial polo noso coñecemento das circunstancias da poboación en pobreza ou exclusión social, estivemos a traballar nun documento xustificativo para que no comezo da segunda fase do Programa FEDER en 2025, se poida engadir para a reestruturación do programa, un obxectivo específico para fomentar a eficiencia enerxética en barrios, edificios e vivendas na que residen persoas en vulnerabilidade.

INCIDENCIA POLÍTICA NAS ELECCIONS AUTONÓMICAS E EUROPEAS

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 18F

Froito do consenso das organizacións que forman parte de EAPN Galicia, coñecedoras de primeira man da situación social da nosa comunidade, elaborouse o documento 'Demandas prioritarias para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade'. Dito escrito foi trasladado ás candidaturas ó Parlamento de Galicia e aos medios nunha rolda de prensa en liña que tivo lugar o 29 de xaneiro.

O contido deste documento⁵ responde a catro principios fundamentais.

4 PRINCIPIOS

- ☑ Garantir o **respecto á dignidade** das persoas en risco de pobreza ou exclusión. Evitando discursos de culpabilización, aporofobia ou paternalismo.
- ☑ **Loita contra a pobreza e a desigualdade con tres requisitos:** actuacións contra as causas, compromiso en orzamentos e planificación a medio e longo prazo coa máxima simplificación burocrática.
- ☑ Fomentar a **máxima coordinación** interadministrativa e corresponsabilidade política e técnica.
- ☑ **Reforzar, recoñecer, impulsar e dotar** dun financiamento estrutural axeitado e a longo prazo ás necesidades das entidades do Terceiro Sector de Acción Social de Galicia.

10 DEMANDAS PRIORITARIAS

- ☑ **A vivenda digna e accesible é o primeiro.** Asegurar actuacións contra a exclusión residencial. Fomentar o acceso á vivenda co alugueiro social e a prevención de desafiuzamentos ou a redución da vivenda baleira e garantindo que os orzamentos destinados á rehabilitación, accesibilidade ou eficiencia enerxética cheguen aos fogares vulnerabilizados.
- ☑ **Asegurar o dereito á garantía de ingresos** e ó acompañamento nos procesos de inclusión social (non a obriga).

⁵ <https://eapn-galicia.com/es/15-metas-para-votar-e-avanzar-contra-a-pobreza-a-exclusion-social-e-a-desigualdade-elecciones-ao-parlamento-de-galicia-pobreza18f/>

- ✓ **Loita efectiva contra a pobreza e a exclusión en familias con nenos, nenas e adolescentes.** Priorizando en orzamentos a atención profesional urxente e o seguimento individualizado así como apoiando ás familias.
- ✓ **Establecer medidas específicas de loita contra a pobreza e pola inclusión residencial, social e laboral das persoas vulnerabilizadas.**
- ✓ **Priorizar nos orzamentos de obra pública o investimento en accesibilidade universal** en infraestruturas e edificios públicos ou privados de acordo co establecido na Lei 10/2014 de accesibilidade de Galicia.
- ✓ **A mellor política social non é o emprego.** Fomento do emprego digno e inclusivo para as persoas que poden traballar, asegurando o acompañamento integral, estable e profesionalizado dende as organizacións do Terceiro Sector Social.
- ✓ **Manter servizos básicos contra o despoboamento, a exclusión territorial e a pobreza no rural:** sanitarios, sociais, educativos, transporte ou vivenda, erradicación da fenda dixital e acceso ás novas tecnoloxías.
- ✓ **Reforzar medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista,** en especial das que están en situacións máis extremas.
- ✓ **Redución drástica da burocratización extrema e discrecionalidade** na aplicación dos procedementos administrativos para facilitar o acceso da cidadanía aos servizos e recursos.
- ✓ **Recoñecemento das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social** como creadoras de valor económico e social e emprego e imprescindibles e garantes do sistema de servizos sociais e de acceso ó emprego e a vivenda.

10 demandas

Para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade

- 1** A vivenda digna e accesible é o primeiro
- 2** Asegurar o dereito á garantía de ingresos e ao acompañamento nos procesos de inclusión social (non a obriga)
- 3** Loita efectiva contra a pobreza e a exclusión en familias con nenos, nenas e adolescentes
- 4** Establecer medidas específicas de loita contra a pobreza e pola inclusión residencial, social e laboral das persoas vulnerabilizadas
- 5** Priorizar nos orzamentos de obra pública o investimento en accesibilidade universal
- 6** A mellor política social non é o emprego
- 7** Manter servizos básicos contra o despoboamento, a exclusión territorial e a pobreza no rural
- 8** Reforzar medidas de atención e protección das mulleres vítimas de violencia machista
- 9** Redución drástica da burocratización extrema e discrecionalidade
- 10** Recoñecemento das organizacións do Terceiro Sector de Acción Social


 Pobreza.gal

As demandas e medidas presentadas están concretadas en **15 metas**. Estas son un compromiso básico que, entendemos, debe asumir o novo goberno, garantindo o seu

cumprimento na próxima lexislatura para avanzar contra a pobreza, a exclusión social e a desigualdade

Unha vez recibidos os programas electorais dos principais partidos que concorreron ás eleccións autonómicas do 18 de febreiro (PPdeG, PSdeG, BNG e Sumar Galicia) realizouse unha análise dos mesmos atendendo ás 15 metas do documento “Demandas prioritarias para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade”, comprobando se cada forza política incorporaba as mesmas nas súas propostas para a lexislatura 2024-2027.

A comparativa marca coas cores verde, laranxa e vermella o grao de cumprimento destas metas, e as 80 medidas que as integran, por parte dos partidos. Unha vez celebrados os comicios, fíxose pública unha “infografía semáforo” que ilustraba o analizado no documento.



Paralelamente, elaborouse un informe explicativo sobre estes comicios en clave galega, no que se definían a estrutura das institucións que toman partido nas decisións europeas. Tamén as ferramentas e instrumentos de financiamento empregadas para o fortalecemento do Estado de benestar e, de xeito amplo, para consolidar sistema democrático e defender a xustiza social.




Este informe empregouse como base para a campaña de chamamento ó voto nas Eleccións Europeas que se levou a cabo entre as entidades que tecen rede en EAPN Galicia e que culminou coa organización dun seminario web baixo o nome **“Por que debemos animar ó voto nas Eleccións Europeas desde as entidades do Terceiro Sector?”**.

O webinar⁷ tivo lugar o 24 de maio coincidindo co inicio da campaña electoral para estes comicios. O seminario estivo dirixido a medios de comunicación e a



⁷ <https://www.youtube.com/watch?v=HQo0KzqWfKY&t=1s>

todo tipo de profesionais e voluntarias de entidades do Terceiro Sector con interese.



INCIDENCIA EN POLÍTICAS SOCIAIS E NORMATIVA XURÍDICA DE APLICACIÓN

Ó longo do 2024, EAPN Galicia levou a cabo varias actuación de incidencia política que se enumeran a continuación:

- **Axenda Social de Galicia 2024.** seguimento dos compromisos da Nova Axenda Social Única de Galicia asinada por Xunta, FEGAMP e EAPN-Galicia no ano 2021. Mediante grupos de traballo temáticos con xuntanzas mantidas coa **Dirección Xeral de Inclusión Social**, propúxose como primeiro paso, **a posta en marcha do grupo de vivenda**. Medida para acadar o compromiso da Axenda de garantir 100 vivendas de emerxencia así como o programa piloto para a erradicación do chabolismo no 2030 cumprindo así o mandato no Parlamento Europeo.
- **Estratexia de Inclusión Social de Galicia, propostas para o Consello de Benestar.** Á espera de que se publique o primeiro dos informes bianuais de seguimento da **Estratexia de Inclusión Social de Galicia**, EAPN Galicia preparou a matriz comparativa para constatar cales das achegas realizadas polas entidades membro da Rede estaban incluídas nos obxectivos de dita estratexia así como para o seguimento dos compromisos e actuacións previstas na mesma.
Por outra banda, participou activamente nos dous Consellos de Benestar celebrados no 2024, o 29 de xullo e o 19 de setembro.
- **Análise comparativa da Tarxeta básica** introducida pola Xunta de Galicia e Tarxeta moedeiro impulsada polo Ministerio de Dereitos Sociais, atendendo ó número de beneficiarios dos que son obxecto en función das condicións establecidas por cada unha das administracións que o impulsan, así como dos límites de aplicación (artigos elixibles...).
- **Análise achegas das entidades sobre as melloras do RUEPSS:** redacción dun documento unificado de suxestións para a mellora do funcionamento do RUEPSS e das ferramentas relacionadas co mesmo.
- **Alegacións ó regulamento de Estranxeiría** tras a súa análise, a través do formulario habilitado polo Ministerio de Seguridade Social e Migracións.

- **Valoración 3º borrador da Estratexia Soidade non desexada.** Análise de incorporación das achegas formuladas ó 2º borrador. Formulación de propostas de mellora e análise do 3º borrador, presentado no Consello Galego de Benestar no mes de setembro.
- **Apertura liña de incidencia coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa:** formuláronse propostas para a mellora da Sede Electrónica como parte do proceso posto en marcha pola dirección xeral a tales efectos.
- **Análise das modificacións na Lei de Vivenda 8/2012,** introducidas na Lei de acompañamento dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025.
- **Análise de incorporación das suxestións realizadas á Estratexia de Inclusión Social** e creación de materiais para o seguimento do cumprimento dos obxectivos establecidos no mesmo.
- **Análise da Lexislación autonómica e estatal en materia de Vivenda,** e do marco competencial que ostentan as administracións locais, rexionais e central. Neste senso, realizouse tamén un **estudo sobre a lexislación vixente en materia de rehabilitación e rexeneración urbana na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Grupo Ad Hoc Convocatoria IRPF.** O obxectivo foi prantexar o adianto no 2025 da publicación desta convocatoria de agosto a maio ou xuño, para que as entidades do Terceiro Sector de Acción Social tivesen unha maior marxe de planificación dos seus proxectos. Para ilustrar, realizouse un documento comparativo coas convocatorias do IRPF do resto de Comunidades Autónomas e a data da súa publicación. A meirande parte delas no mes de xuño.
A maiores, fíxose unha comparativa coa convocatoria do 2023 tanto dos cambios, como o incremento dos orzamentos totais respecto do ano pasado, e a estabilización da meirande parte das liñas; as actuacións de promoción á autonomía persoal das persoas dependentes ou de promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero (que o ano pasado contaban con convocatoria propia).
Como novidade e recollendo as demandas de EAPN créanse as liñas V e IX, para proxectos de investimento e adecuación de centros e unidades de atención destinados a persoas en risco de exclusión social; e á infancia do sistema de protección e reforma xuvenil.

- **Grupo Ad Hoc Convocatoria Inclusión 2023/2025.** Neste 2024 elaborouse xunto a varias entidades membro un documento de **Propostas de Convocatoria de Inversión** para organizacións do Terceiro Sector.

GRUPO AD HOC REXISTRO E PLAN CONTRA A POBREZA EN FAMILIAS MONOPARENTAIS

Durante o 2024 e xunto a entidades membro especializadas, realizouse un seguimento do establecido na **Lei 5/2021, do 5 de febreiro de impulso demográfico** referente ao recoñecemento e apoio ás familias monoparentais.

Elaborou un documento, Contando con aportacións non so de entidades membro, senón tamén da **Asociación de Familias Galegas Monomarentais (FAGAMOS)**, elaborouse o documento **Propostas para a posta en marcha de medidas urxentes de apoio das familias monoparentais**, no que se reclaman os seguintes avances:

1. **Creación do Rexistro de familias monoparentais** recollido tanto na Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia, como no Artigo 13.3 da Lei 3/2011 de Apoio á familia e a convivencia de Galicia. Con independencia da hipotética aprobación do proxecto de Lei de Familias estatal.
2. **Facultar aos servizos sociais comunitarios e demais recursos públicos de atención** (como os CIM), para que os informes emitidos poidan ser vinculantes e tomados en conta para a acreditación da condición de familia monoparental.
3. **Sentar as bases dun modelo de protección das familias monoparentais estable e transversal**. Tomando como exemplo os beneficios xa recoñecidos ás familias numerosas, en liña cos recollido no Artigo 18 da Lei 3/2011
4. Dar cumprimento ó Artigo 40.1 da Lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia, coa aprobación do **Plan de apoio ás familias monoparentais**, para mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades.
5. Na modificación da Lei de Inclusión Social de Galicia, que regula a **Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)**, debe procederse á súa adecuación para **asegurar a súa complementariedade co Ingreso Mínimo Vital**. Ademais, con medidas de protección específica (en xeral, para aquelas familias con nenos, nenas e/ou persoas dependentes, e, en particular, para as familias monoparentais).
6. Apoio á realización de **Estudos de diagnóstico** sobre a situación das familias monoparentais en Galicia, e de enquisas específicas dende o Instituto Galego de Estatística.
7. **Interlocución estable entre a Consellería de Política Social e Igualdade** (nomeadamente, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica) e as entidades do Terceiro Sector da Acción Social especializadas.

INCIDENCIA INTELIXENCIA ARTIFICIAL, FENDA DIXITAL, IMPLICACIÓN TERCEIRO SECTOR DE ACCION SOCIAL

A incidencia neste eido centrouse especialmente na elaboración do documento *"Propostas EAPN Galicia para a elaboración da Lei de Planificación, organización e impulso da Intelixencia Artificial en Galicia"*. As achegas presentadas por EAPN-Galicia no Anteproxecto de Intelixencia Artificial realizado pola AMTEGA, tiveron como finalidade evitar posibles situacións de discriminación derivadas dos programas, algoritmos e uso de datos nos sistemas de intelixencia artificial.



A loita contra os vixentes discursos de odio, a simplificación burocrática ou a mellora da atención personalizada son algunhas das posibilidades que ofrece esta nova ferramenta. As oportunidades que asoman puideron debaterse na mesa de análise "Galicia é-Intelixente", iniciativa de La Voz de Galicia na que se falou dos riscos e oportunidades da regularización da Intelixencia Artificial.

INCIDENCIA INCLUSIÓN FINANCEIRA E APOROFOBIA BANCARIA. DOCUMENTO GUÍA PARA ENTIDADES

No marco do anterior foro realizouse unha consulta a entidades para que aportasen achegas sobre I.A., banca e persoas vulnerabilizadas.

Unha das preguntas consistía no relato das entidades da súa experiencia con persoas vulnerabilizadas e Abanca. Fundación Ronsel, Dano Cerebral Galicia, Boa Vida Inclusión Activa, AMIGA, CDR Portas Abertas, Fundación Secretariado Xitano, APES, Fundación ESPLAI, Acción contra el Hambre, Dano Cerebral Galicia e Ecos do Sur foron as participantes. As principais conclusións que se extraeron da consulta foron:

- As persoas vulnerabilizadas atopan **diversas dificultades para manexar a Banca Electrónica**. Existe unha fenda dixital moi acentuada, tanto coas persoas maiores como coas persoas con discapacidade.
- A apertura dunha **conta básica** non aporta ningún tipo de garantías.
- **Cobro de comisións** en contas de persoas vulnerabilizadas.

**PLAN RENOVE ELECTRODOMÉSTICOS. INFORME E
DIFUSIÓN SOBRE OPORTUNIDADE PERSOAS
VULNERABLES**

O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) ven convocando dende hai anos unha axuda que, en aras de obter un uso razoable e eficiente da enerxía, favorece a renovación de electrodomésticos. É coñecido como **Plan Renove**. O programa pretende renovar electrodomésticos de certa antigüidade por outros novos cunha elevada clasificación enerxética, a través de axudas aos potenciais consumidores. A proposta de EAPN Galicia, dende o 2021 á convocatoria implica un incremento da porcentaxe subvencionada nos casos de ter a consideración de consumidor vulnerable ou vulnerable severo.

Neste 2024, co obxectivo de que máis persoas en situación ou risco de pobreza e ou exclusión social coñecesen este tipo de axudas e o proceso que deben seguir para solicitálas, EAPN Galicia elaborou unha nota de prensa cos datos máis relevantes do informe. Esta nota foi enviada aos medios durante o mes de febreiro, momento no que se abre a convocatoria para que a cidadanía galega curse a súa solicitude de axuda.

Paralelamente, realizouse unha publicación en redes sociais para dar aviso da apertura de prazo de solicitude do Plan Renove 2024.

GRUPOS DE TRABAJO NA REDE

GRUPO DE TRABAJO NOVA LEI DE INCLUSIÓN. IMV / RISGA. NOVA TARXETA BÁSICA

A situación da RISGA cambiou ante a implantación do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Esta nova prestación non contributiva fai necesaria a reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia para posibilitar a continuación da labor de loita efectiva contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Segundo o noso criterio, debe asegurar tanto o dereito subxectivo e incondicionado á supervivencia como ó dereito (non tanto a obriga) ó acompañamento nos procesos de inclusión sociolaboral.

Dende EAPN valorouse positivamente a creación do Ingreso Mínimo Vital, unha das reclamacións prioritarias da rede en toda España nos últimos lustros, pero as dificultades e burocracia extrema na súa implantación evidencian que esta prestación aínda non está a ser efectiva. Consideramos, por tanto, que deben contemplarse diferentes tipos de actuacións en paralelo:

- Asegurar que a continuidade desta prestación non perxudica ás persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social.
- Modificar a Lei de Inclusión avanzando cara unha renda baseada na garantía de ingresos que complementa o aportado polo IMV de xeito xeral ata o limiar de pobreza relativa (ou específico ante circunstancias excepcionais de empobrecemento), e que dea cobertura a aquelas persoas que a día de hoxe non poden beneficiarse do mesmo, en especial aquelas con nenos, nenas ou persoas dependentes a cargo, cunha especial consideración ás familias monoparentais.

No 2024 a Xunta de Galicia incumpriu o compromiso de modificar a Lei de Inclusión Social para adaptala ó Ingreso Mínimo Vital e a elaboración unha nova lei con enfoque de garantía de ingresos que a substitúa.


Neste sentido, **presentáronse propostas** para a nova Lei, tanto na Consellería de Política Social como no marco das eleccións autonómicas. Así como informes resume de seguimento do impacto do IMV en Galicia ou mesmo do da RISGA no 2024

Do mesmo xeito, realizáronse propostas para a implantación en Galicia da Tarxeta Moedeiro prevista polo goberno con fondos europeos.

GRUPO DE PARTICIPACIÓN

O Grupo de Participación traballa de xeito transversal en tódalas actuacións levadas a cabo pola rede, coa finalidade de fomentar a participación plena das persoas en risco de pobreza e/ou exclusión nas entidades membro.

Está integrado por profesionais e voluntarias das entidades membro: **Accem, Agareso, Boa Vida Inclusión Activa, COGAMI, Down Galicia, Emaús Galicia, Federación Alzheimer Galicia, Fundación Ronsel, Fundación Secretariado Xitano e Provivienda.**



Neste 2024, o Grupo de Participación celebrou 3 xuntanzas en liña, co principal obxectivo de organizar o **XV Encontro Galego de Participación⁸** para persoas en situación de pobreza e/ou exclusión social, baixo o lema “A

saúde mental, importa?” que se celebrou o 11 de xuño.

XV ENCONTRO GALEGO PARTICIPACIÓN

Nesta ocasión, a xornada tivo como obxectivo a participación activa de persoas vulnerabilizadas para reclamar de xeito colectivo melloras no tratamento da saúde mental. Buscou que os participantes reflexionasen sobre a temática e intercambiasen coñecementos para mellorar así a comprensión e a abordaxe dos desafíos desta problemática.

A xornada desenvolveuse principalmente na Escola Galega de Administración Pública da Xunta de Galicia (EGAP). A palestra marco introdutoria sobre saúde mental e pobreza foi da man do presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia, **Xosé Ramón Girón**.

⁸ <https://eapn-galicia.com/es/mais-de-70-persoas-en-pobreza-e-exclusion-social-reclamaron-unha-saude-mental-accesible-no-xv-encontro-galego-de-participacion/>

Posteriormente tivo lugar a actividade de traballo en grupos no que os participantes debían compartir as súas reflexións. Das propostas recompiladas nos grupos de traballo puidéronse extraer conclusións como que é urxente facilitar o acceso a profesionais da saúde mental para tódalas persoas, independentemente da violencia estrutural que as atravesese, e que a autoaceptación e a creación dun entorno seguro son primordiais para mellorar a saúde mental da cidadanía.



Para a clausura do evento contou-se coa presenza da Subdirectora de Inclusión Social da Xunta de Galicia, **Ana Aboy**. Os participantes desta xornada realizaron a actividade “crebaxeos” e colaboraron na lectura do manifesto na Praza 8 de marzo como punto final do encontro.

No Encontro e nos obradoiros previos ao mesmo que se fixeron en entidades membro como APES e Teima Down Ferrol organizouse o diálogo coas persoas participantes en base a tres preguntas:

- Que é para ti a saúde mental?
- Que fas ou podes facer ti para coidar a túa saúde mental?
- Que fan ou poden facer o teu entorno, a comunidade, organizacións, para coidar a túa saúde mental?

De todo o traballo desenvolvido no día do encontro, tanto do traballo en grupo, como no posterior diálogo final, extraéronse as seguintes reclamacións:

- **Dotación de recursos económicos** destinados a aumentar o número de profesionais da saúde e fortalecemento dos perfiles profesionais das entidades

do Terceiro Sector. Así, refórzase a calidade da atención ás persoas nunha colaboración entre o sector sanitario e o sector social.

- **Facilidades para o acceso a unha vivenda** sen depender dun contrato de traballo. Cobertura da necesidade básica da vivenda, sendo estas actualmente inadecuadas, temporais, compartidas entre varias persoas, limitando o espazo e a privacidade persoal.
- **Formación e capacitación** dos profesionais do ámbito educativo en xestión emocional, promoción de campañas de sensibilización e recuperación de espazos comunitarios.
- **Promoción da saúde comunitaria.** Facer transversal a saúde mental: tendo en conta as necesidades de cada persoa e a violencia estrutural que as atravesa (capacitismo, racismo, bullying, infantilización das persoas con discapacidade intelectual, violencia machista). Visión multidisciplinar das necesidades (creación de espazos seguros, responsabilidade comunitaria, de información óentorno familiar, incidencia política en canto á temática).
- **Concienciar e educar** na saúde mental en adultos e en escolas, eliminando os discursos de odio e o estigma sobre a saúde mental.

Todas estas conclusións están incluídas no manifesto que se leu esa tarde na Praza 8 de Marzo.

ENCONTRO ESTATAL DE PARTICIPACIÓN

O XVII Encontro Estatal de Participación levou o, celebrouse en Valencia, do 24 ó 26 de abril do 2024, co lema "Construyendo Políticas contra la Pobreza y la Exclusión Social" coa temática de "Garantía de ingresos e traballadores/as en pobreza".

A Valencia desprazáronse tres persoas en risco de pobreza ou exclusión social de entidades que se integran dentro de EAPN Galicia, acompañados dunha técnica da Rede



Outra das principais tarefas do Grupo de Participación de EAPN Galicia é a de prestar apoio á delegación para este encontro.

GRUPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL. PROGRAMA DE
EMPREGO

O grupo abordou demandas de mellora ó acceso ó emprego en base ós [resultados da investigación e o programa específico](#)⁹ realizado no 2022 e 2023 como exemplo do traballo en rede, integral e a longo prazo de inclusión sociolaboral.


No mes de xullo, mantívose unha xuntanza coa Conselleira de Emprego, Comercio e Emigración (Secretaría Xeral de Emprego e Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego). Presentáronse propostas para unha posible **convocatoria PIE Vulnerables** que se adapte ás persoas vulnerabilizadas e ó xeito de traballar das entidades do TSAS, así como unha convocatoria do **Programa Posta a punto para o Emprego 2025**.

Para dar servizo ás entidades membro, no marco desta interlocución e do grupo de traballo elaborouse unha comparación entre as convocatorias de Programas Integrados de Emprego 2023 e 2024. Tamén, de xeito coordinado coa Consellería de Emprego, presentáronse alegacións ó borrador de **Regulamento de Estranxeiría**, en especial a aquelas dirixidas ó recoñecemento do **arraigo por formación**.

⁹ <https://eapn-galicia.com/seminario-online-presentacion-manual-boas-practicas-inclusion-sociolaboral-vulnerabilizadas/>

GRUPO FÓRUM XURÍDICO

O Fórum Xurídico está formado por integrantes das entidades Boa Viga, AMIGA, Ecos do Sur, COGAMI, CEGASAL, JuanSoñador e IGAXES.



No mes de abril deste 2024, celebrouse o **II Encontro do Fórum**. Nesta xuntanza, fíxose fincapé en afrontar dende o Fórum cuestións de preocupación para as entidades no seo das súas actividades. Nomeadamente, a discriminación das entidades do TSAS respecto a empresas e organizacións de carácter lucrativo en convocatorias, remarcando que, nin os seus orzamentos nin as persoas beneficiarias das súas actividades, son os mesmos que as das entidades do TSAS.

Tamén se salientou a necesidade de contar con documentos claros e operativos, que inclúan o contexto dos problemas identificados, o traballo en rede de entidades implicadas e as vías exploradas para a súa resolución e as propostas ou posibles argumentos de incidencia propositiva para as accións que se poden levar a cabo.

O grupo mantense activo e se autorregula a través de Whatsapp, canle que os seus integrantes empregan para resolver dúbidas.

GRUPO DE COMUNICACIÓN

O grupo de comunicación de EAPN-Galicia estivo a traballar en prol dunha maior sensibilización e coñecemento pola sociedade das causas da pobreza e a exclusión social na comunidade autónoma de Galicia. Está composto por responsables de comunicación das entidades membro **Autismo Galicia, Cáritas Diocesana Tui-Vigo, COGAMI, Down Galicia, Ecos do Sur, Fundación Érguete Integración, Federación Alzheimer Galicia, Fundación JuanSoñador, Dano Cerebral Galicia, Fundación Meniños e Agareso.**

Neste 2024, realizáronse un total de 3 reunións co para abordar a elaboración do Plan de Comunicación así como a organización das campañas que EAPN Galicia levou a cabo neste ano: **#EquipoXSolidaria, Eleccións autonómicas (#Pobreza18F) e Europeas (#EuropaConDereitos); #EstadoDePobreza #EmerxenciaVivenda, etc.**



Grazas ó traballo en rede do Grupo de Comunicación, acadouse unha importante presenza en medios de comunicación que contribúe na difusión das causas que se defenden dende EAPN Galicia e as súas entidades membro. Podemos destacar a título de exemplo as seguintes:

- [La Red contra la Pobreza exige a los partidos acciones en vivienda y tarjeta básica como acciones "prioritarias".](#) GaliciaPress (28.01) (+12 artigos semellantes).
- [A poboación galega que non pode pagar por ter a casa á temperatura axeitada é a maior en quince anos.](#) Praza Pública (26.02) (+6 artigos semellantes)
- [As pensións máis baixas do Estado percíbense na Galiza, o 47% delas por baixo do limiar da pobreza.](#) (08.03) Nós Diario
- [Los gallegos que prescinden de medicinas por falta de dinero suben un 14% en un año.](#) (11.03) Faro de Vigo
- [Entidades sociais galegas animan a cidadanía a "marcar o X Solidario" na declaración da Renda.](#) Praza Pública (03.04) (+10 artigos semellantes)

- [Los retos del nuevo gobierno de la Xunta](#). Radio Galicia Cadena SER (14.04)
- [As Vivendas Turísticas están facendo moito dano en Monforte](#). La Voz de Galicia (21.06)
- [La tarjeta monedero aceleró en Galicia con más de mil beneficiarios en tres semanas](#) (30.06)
- [Fabiola García aborda coa Rede Galega contra a Pobreza os avances da Xunta en materia de inclusión social](#). Cadena Cope (01.07)
- [El Ingreso Mínimo Vital llega a 19 nuevas personas al día en Galicia](#). Faro de Vigo (06.07)
- [La Xunta retrocede en ayudas sociales: apoyos eliminados y rentas de inclusión que llegan a menos hogares](#). El Diario.es
- [Radiografía de la pobreza en Galicia: uno de cada cuatro gallegos está en riesgo de exclusión, con cifras tan altas entre las mujeres que marcan una brecha de género](#). La Voz de Galicia (17.08) (+24 artigos semellantes)
- [Silleda, exemplo sobre buenas prácticas en materia de vivienda en la mesa de EAPN en Santiago](#). La Voz de Galicia (09.10)
- [A Xunta de Galicia aposta por unha administración máis sinxela e próxima á cidadanía](#). El Correo Gallego (19.11)
- [Una nueva ley busca hacer de Galicia el epicentro de la inteligencia artificial](#). La Voz de Galicia. (29.12)

O Grupo de Comunicación tamén participou na elaboración dun manifesto contra o odio pendente de expoñer e aprobar na videira asemblea ordinaria de EAPN Galicia fixada para o mes de xaneiro do 2025.

PLAN DE COMUNICACIÓN TERCEIRO SECTOR SOCIAL 2024-2027

Neste ano renovouse o Plan de Comunicación de EAPN Galicia 2024-2027. Os obxectivos estratéxicos que se pretenden acadar a través deste plan de comunicación son o mantemento e consolidación das accións de comunicación externa que desenvolve na actualidade EAPN Galicia, mellorando os procedementos e o diálogo entre interlocutores, ademais do reforzo da comunicación interna, para consolidar o sentimento de pertenza das entidades que forman parte da Rede, mantendo unha filosofía de transversalidade de dereitos, causas e loitas comúns.

Para establecer os novos obxectivos a nivel comunicacional da Rede, en primeiro lugar, renovouse a **DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)** mediante aportacións do Grupo de Comunicación. A continuación, e para coñecer o grao de satisfacción de diferentes axentes implicados da Rede, lanzáronse dúas enquisas en liña para as entidades integrantes de EAPN Galicia. orientadas a coñecer o grao de

satisfacción sobre a comunicación tanto interna como externa desde EAPN Galicia, en relación a medios de comunicación e a presenza nas redes sociais.

Como resultado, creouse un perfil en **Instagram**, que na actualidade conta con 220 seguidores, e se está a elaborar o perfil da rede social **Bluesky**.

**CAMPAÑAS DE COMUNICACIÓN X Solidaria; Emerxencia
Vivenda; Pobreza Galicia; Pobreza 18F; Europa con
Dereitos**

#EQUIPOXSOLIDARIA

Como nos últimos anos, as entidades do Terceiro Sector Social, deron visibilidade á importancia de marcar a casiña de Fins Sociais na Declaración da Renda coa Campaña X Solidaria 2024, no marco da campaña Estatal.

Baixo o cancelo **#EquipoXSolidaria** as entidades que integran **EAPN Galicia, CERMI E Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia**, elaboraron un mapa de ruta a seguir para o desenvolvemento da campaña.

Por unha parte, elaborouse un cálculo de cantos proxectos puideron levar a cabo as entidades sociais grazas a que, no pasado exercicio, os contribuíntes marcaron o X Solidario na súa declaración da renda. Con eses datos, acompañados de "**Fotos testemuña**", infografías con imaxes proporcionadas polas entidades, elaborouse unha campaña en redes sociais, evidenciando a necesidade de que a cidadanía se decantase polo cadro de fins sociais na Declaración da Renda.



Esta campaña en redes sociais estivo combinada coas publicacións pautadas pola Plataforma de **ONG de Acción Social**, enviada a nivel estatal.

A precampaña en redes sociais deu comezo o 20 de marzo e supuxo a antesala do acto central que se celebrou o 3 de abril, día que abría o prazo para presentar de xeito telemático a declaración da renda, na Praza da Quintana de Santiago de Compostela.

As entidades fixeron un novo chamamento para que o financiamento económico que chega a través do 0,7% do IRPF continúe crescendo e así posibilite que as organizacións poidan seguir prestando servizos e desenvolvendo programas dos que resultan

beneficiarias milleiros de persoas. [A iniciativa¹⁰](#), que contou coa colaboración do Colexio oficial de Arquitectos de Galicia, consistiu na elaboración dun X gigante cunha tea laranxa no medio da praza.



[A lectura do manifesto](#) realizouse no interior das instalacións do Campus Stellae e contou cunha intérprete en lingua de signos, da **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG)**. O manifesto foi repartido tamén en lectura fácil.

A súa lectura correu a cargo da Presidenta da Plataforma de Organización de Infancia de Galicia (POIG), **Mónica Viqueira**, o Secretario Xeral do CERMI-Galicia, **Carlos Fernández Lamigueiro** e do Director de EAPN-Galicia, **Xosé Cuns**, quen reclamaron á Xunta de Galicia, responsable da regulación do procedemento de reparto de axudas, unha simplificación burocrática e unha única convocatoria.

Durante o 2023, a campaña recadou en Galicia **24.029.488 €**, grazas a que 775.395 persoas (o 54,5% do total de contribuíntes) marcaron o X Solidario na súa Declaración, o que supón unha recadación de 30'99 € por persoa.

Un éxito porque foron 24.528 persoas máis que no 2022, o que permitiu recadar 2.638.195 € máis.

¹⁰ <https://eapn-galicia.com/as-entidades-sociais-galegas-fan-un-chamamento-a-marcar-o-x-solidario-cun-acto-na-praza-da-quintana-e-no-campus-stellae/>

#EMERXENCIAVIVENDA

A campaña **#EmerxenciaVivenda**, correspóndese cos actos de incidencia política que EAPN Galicia leva a cabo na loita polo dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible. Esta campaña deu comezo no 2021. Durante o 2024 fixéronse publicacións en redes sociais empregando este cancelo. Asemade, nos actos relacionados coa exposición itinerante Emerxencia Vivenda, que nos últimos 12 meses foi protagonista de varias mostras por toda Galicia.



O acto central desta campaña foi a presentación do VIII Informe Asegurando o Dereito a unha vivenda digna, axeitada e accesible en Galicia. Ó longo desa xornada, compartíronse varias infografías que ilustraban os datos do informe en redes sociais.

O día 8 de novembro programouse durante todo o día unha batería de chíos acompañados con este cancelo, cada un corresponde cunha infografía que recolle un dos principais datos de dito informe. Tamén se programaron varias publicacións en Facebook, X (antes Twitter), Instagram e LinkedIn. O acto de presentación foi subido [posteriormente á canle de YouTube de EAPN Galicia](#).¹¹

#POBREZAGALICIA

A campaña **#PobrezaGalicia** foi o fío condutor das actuacións en redes sociais do Día Internacional da Erradicación da Pobreza en Galicia e da presentación do XVIII Informe do Estado da Pobreza en Galicia.

A campaña consistiu nunha consecución de chíos e de publicacións nos perfís que EAPN Galicia ten en redes sociais durante o día 17 de outubro. As imaxes e o texto das publicacións e chíos recollían os principais datos do Informe.



¹¹ https://www.youtube.com/watch?v=wN5Wf_5OnF8

O acto de presentación do VIII Informe do Estado da Pobreza 2024¹² está subido na canle de Youtube de EAPN Galicia.

#POBREZA18F

Outra das campañas en redes sociais que desenvolveu foi a das Eleccións ó Parlamento de Galicia do 18 de febreiro do 2024. Co lema **#Pobreza18F** as entidades que tecen rede en EAPN Galicia compartiron desde o día 29 de xaneiro e ata o 16 de febreiro as dez demandas prioritarias que recollía o texto Demandas prioritarias para avanzar contra a Pobreza, a Exclusión Social e a Desigualdade, posteriormente



compartíronse as 15 metas que tamén figuraban no documento. Esta difusión realizouse tanto en X (antes Twitter), Facebook, e LinkedIn, xa que, neses momentos, EAPN Galicia aínda non contaba con presenza en Instagram.

#EUROPACONDEREITOS

A campaña **#EuropaConDereitos** iniciouse dentro da iniciativa de animar ó voto nas Eleccións Europeas do 9 de xuño. Esta campaña deu comezo o día 9 de maio coa publicación dunha serie de infografías que explicaban a estrutura e funcionamento das institucións que toman decisións en Europa que poden incidir na comunidade galega. Realizáronse infografías para ilustrar o funcionamento do Parlamento Europeo, da Comisión Europea, co Consello Europeo e do Consello da UE.



¹² <https://www.youtube.com/watch?v=PNUr4PNPXdo>

Por outra banda, levouse a cabo unha iniciativa entre varias entidades que integran EAPN Galicia (Fundación Érguete-Integración, Saúde Mental FEAFES, Down Galicia, Fundación Secretariado Xitano, Ecce Social, Fundación JuanSoñador, ONG Mestura, Fundación ESPLAI e Agareso) nos que tanto traballadores como participantes destas entidades explicaban a importancia do voto nas Eleccións Europeas. Estes vídeos foron compartidos dentro desta campaña en redes sociais e están subido á [canle de Youtube](#)¹³ de EAPN Galicia.

Esta acción de animar ó voto a través dun vídeo culminouse coa [declaración institucional da presidenta de EAPN Galicia, Ana Pardo](#),¹⁴ declaracións que tamén foron compartidas en redes sociais.

¹³https://www.youtube.com/watch?v=BIO15stRHPY&list=PLvS0H9F3y40ryxX2tdpXAMMM9hi70T_cr

¹⁴ <https://www.youtube.com/watch?v=GCvQMnJG0Sg>

ESTRATEGIA COLABORACIÓN UNIVERSIDADES E TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

Dende hai anos o Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) e a Universidade veñen colaborando en numerosos proxectos ou accións: formación, investigación, sensibilización, cobertura de necesidades, voluntariado, aprendizaxe-servizo, etc. o que supón un enriquecemento mutuo e unha contribución ó cambio social.

Ante a crecente demanda e interese por parte das entidades que formamos parte de EAPN Galicia de comezar a artellar lazos e espazos de colaboración e coordinación conxunta entre Terceiro Sector e Universidades, acordouse a elaboración dunha rede de colaboración entre ambas. A idea é o uso pragmático para ambos actores e o intercambio de coñecementos aproveitando os recursos que temos no TSAS e no Sistema Universitario Galego (en adiante SUG).

Para a planificación de dita estratexia, traballouse coas entidades membro na elaboración dun documento que define as diferentes acción a desenvolver no 2024. Con tres liñas de actuación.


GRUPO AD HOC INTERNO

Unha das accións para a elaboración da estratexia foi a creación dun **grupo ad hoc interno** con profesionais das entidades membro de EAPN Galicia **Fundación Érguete Integración, ECCA Social, Meniños, Asemblea de Cooperación Pola Paz, APES e Fundación Ronsel.**

Tratáronse as seguintes cuestións:

- **Experiencias previas de colaboración** entre Universidade e entidades do Terceiro Sector.
- **Necesidades e liñas de colaboración** entre o SUG e o TSAS de Galicia.
- Temas para abordar na xuntanza que se realizaría posteriormente con **persoal docente e investigador e entidades membro.**
- **Propostas de persoal da universidade** para participar na seguinte xuntanza.
- **Conformar un grupo de profesional docente e investigador** das Universidades (PDI) e profesionais do TSAS.
- **Elaborar un mapa de boas prácticas** e iniciativas de colaboración entre universidades e TSAS.

Con esta metodoloxía recolléronse as necesidades, expectativas e experiencias de



profesionais que representen ó Terceiro Sector Social e Universidade, co fin de artellar unhas liñas básicas de colaboración entre ambos actores e, finalmente, elaborar a Estratexia de Colaboración entre Universidades e TSAS.

GRUPO DE EXPERTAS. IDENTIFICACIÓN ALIANZAS ENTRE SERVIZOS SOCIAIS, UNIVERSIDADE E TERCEIRO SECTOR

Con obxecto de propiciar un espazo de intercambio de información e coñecemento sobre as posibles vías de artellar sinerxías e vías de financiamento entre as universidades galegas e o TSAS de Galicia, realizouse un contacto con persoal docente e investigador (PDI) das **Universidades Galegas**.

Tras a realización do primeiro **grupo ad hoc** e tendo en conta as aportacións que realizaron dende as entidades membro, tiveron lugar varias xuntanzas para establecer un primeiro contacto con persoal docente e investigador das universidades galegas.

Nun primeiro momento xurde a oportunidade de manter unha xuntanza coa **Área de Equidade e Diversidade da Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo e EAPN Galicia**. Abordáronse as actividades de voluntariado que desenvolven na UVigo e ofreceuse a posibilidade de elaborar un catálogo de necesidades de investigación que temos dende as entidades sociais, así como o crecente interese na metodoloxía Aprendizaxe-Servizo.

Ó longo do mes de outubro e novembro realizáronse xuntanzas con PDI de distintas facultades das Universidades Galegas. Nestas reunións xurdiron as necesidades que detectan dende as Universidades, que posibilidades de colaboración existen co Terceiro Sector Social e como podería reforzarse a colaboración existente.

Todo este traballo, formou parte da preparación para o grupo de expertas, no que participará profesorado das Universidades e profesionais das entidades membro da Rede.

MAPA DE INICIATIVAS DE COLABORACIÓN UNIVERSIDADE E TERCEIRO SECTOR

As entidades do Terceiro Sector e as Universidades temos a oportunidade de **comezar liñas de colaboración estables**, pois xa nos precede a experiencia na colaboración mutua e sabemos que pode resultar moi enriquecedora.

Neste ano implicando a profesionais das entidades membro de EAPN Galicia colaborouse coa **UNIR (Universidad Internacional de la Rioja)** para desenvolver actividades conxuntas sobre aporofobia ou coidados profesionais no Terceiro Sector no **Grao de Psicoloxía**. Tamén se levaron a cabo varias palestras coa **Escola Universitaria de Traballo Social da USC** e no **Mestrado de Psicoloxía da USC**.

Dende a **Rede Armela da USC** participou nun grupo focal ó que asistiron profesionais de entidades membro para abordar temáticas en torno á burocratización e trabas de acceso a dereitos e servizos básicos da poboación vulnerabilizada. Coa **Facultade de Económicas da UDC** participamos no **Delphy** do proxecto de investigación **"EU 1.5°Lifestyles"** sobre políticas do estado de benestar co obxectivo de limitar o calentamento global a 1,5°C.

Ademais disto, na primeira xuntanza que mantivemos coas entidades puidemos descubrir que existe un amplo número de colaboracións que realizan coa Universidade. Isto levounos a descubrir un gran abanico de proxectos e oportunidades con moito potencial.

Por todo isto, ó longo do ano realizouse unha recollida de iniciativas e boas prácticas de colaboración entre o Terceiro Sector de Acción Social e as Universidades, para aprender sobre o xa feito e facerllo chegar ás entidades..

Para a recollida desta información, utilizouse a busca interna en EAPN Galicia e enviouse as entidades membro un formulario para que cumprimentasen con iniciativas e contactos que coñezan (participasen ou non nelas).

PARTICIPACIÓN EN EVENTOS CONTRA A POBREZA, PREXUÍZOS E APOROFOBIA

EAPN Galicia participou en diferentes ponencias e eventos tanto en universidades como en centros educativos, coa idea fundamental, de transmitir a importancia da loita contra a pobreza e a exclusión social e as principais problemáticas existentes nesta materia, facendo fincapé na proliferación dos discursos do odio, a aporofobia, a exclusión residencial e as dificultades de acceso a un emprego, así como o papel do terceiro Sector e o seu futuro.

Deste xeito, ó longo do 2024 a EAPN Galicia levou a cabo diferentes charlas en centros educativos e universidades como os seguintes:

- **Universidad Internacional de La Rioja.** Mesa redonda aporofobia (11.01)
- **CIFP integración Social Portovello (Ourense).** Dinámica co alumnado. [Das Mentiras á Inclusión¹⁵](#) (15.01)
- **Universidad Internacional de La Rioja.** Realización da actividade Muro das Mentiras (11.04)

Por outro lado, EAPN Galicia tamén asistiu e participou en diversas presentacións, foros e presentacións:

- Asistencia á presentación 'El Debate' (18.01)
- Asistencia á **toma de posesión** do Presidente da Xunta de Galicia (13.04)
- Asistencia ó encontro ["Usa tu voto"](#)¹⁶ organizado polo Parlamento Europeo, coa participación de 3 eurodeputados (18.03)
- Asistencia ó curso: **"Todos juntos contra los bulos!"** de [Maldita.es](#)¹⁷ (05.03, 07.03, 12.03, 14.03 e 19.03)
- Asistencia **Acto 8M** da Consellería Emprego (08.03)
- Participación na xornada **"Aporofobia e discurso de odio: una breve abordagem"**. EAPN Portugal (12.04)
- Asistencia ó seminario **"El camino hacia las elecciones europeas 2024"**, EAPN España (07.05)
- Participación na presentación da exposición fotográfica **"Dereito á enerxía: sen deixar a ninguén atrás"** de Amigas da Terra (Pontevedra, 13.05)
- Participación no I Encontro da Sociedade Civil Galega (14.05 e 15.06)

¹⁵ <https://eapn-galicia.com/es/das-mentiras-a-inclusion-unha-actividade-desenvolvida-no-cifp-portovello/>

¹⁶ <https://madrid.europarl.europa.eu/es/news/100-young-people-5-countries-walk-camino-de-santiago-european-elections>

¹⁷ <https://maldita.es/>

- Participación na **II Mesa con Entidades e Axentes sociais, "Alianzas que xeran Mercados Inclusivos"**. Cruz Vermella (12.06)
- Participación en **mesa redonda da xornada Trazando Camiños**. Sarela (20.06)
- Asistencia **Acto de presentación de Dano Cerebral Galicia** (21.06)
- Participación no faladoiro sobre Pobreza e exclusión social **"Terceiro Sector animación sociocultural"** do Grupo Academia Postal (04.06)
- Participación no faladoiro **"Tercer Sector frente al discurso del odio: estrategias y retos"**. EAPN Valencia (25.09)
- Participación na charla **"Máis pobres, más desiguales...más culpables. Traballo Social e Aporofobia"**. Facultade de Traballo Social (10.10)
- Participación no faladoiro **"Pobreza, exclusión social e aporofobia"** Facultade de Psicoloxía (30.10)
- Charla coloquio sobre **aporofobia**. Parroquia de San Fernando (07.11)
- Charla sobre **O Estado Pobreza en EU**. Facultade de Traballo Social (12.11)
- Participación no Faladoiro **Galicia é Intelixente**.¹⁸ La Voz de Galicia (28.11)
- Participación no **Seminario Microcredenciales como oportunidad de aprendizaje para personas en situación de vulnerabilidad** da Red Acoge. Facultade Socioloxía da Coruña (10.12).



¹⁸ <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/sociedad/2024/11/28/nueva-ley-busca-galicia-epicentro-inteligencia-artificial/00031732812137588826385.htm>

DATOS E INFORMACIÓN PARA A LOITA POLA ERRADICACIÓN DA POBREZA

INFORME ESTADO POBREZA 2024

O 17 de outubro, Día Internacional para a Erradicación da Pobreza é unha das datas clave no calendario de actividades de EAPN Galicia.

Este ano 2024, as accións da rede foron encamiñadas á presentación do **XIV Informe do Estado de Pobreza en Galicia 2024**

O informe elaborouse en base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2023 do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Eurostat e o Instituto Galego de Estatística (IGE), e pretende ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento dos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas.

Os últimos datos correspondentes ó 2023, amosan un panorama que non convida ó positivismo tal e como indicaba o director da Rede, Xosé Cuns, *"No último informe xa se podían adiviñar nubeiros no ceo"*. Se nos últimos informes os datos facían crer que o risco de pobreza e/ou exclusión social se reducía, as cifras do pasado ano indican existen 50.000 persoas en pobreza máis, chegando ás 690.000, iso é, 1 de 4 galegos e galegas, o 25'5 % da poboación na nosa comunidade.



En anteriores informes destacábase que a mellora dos datos correspondíase principalmente co período de medidas contra a pobreza e a exclusión postas en marcha polas diferentes administracións a partires da pandemia. Semella que dende o 2023 se retardou notablemente o impacto das medidas contra a pobreza do chamado 'Escudo Social' que puxeron en marcha dende o goberno central (como os ERTE, Ingreso Mínimo Vital), Xunta de Galicia (non paralización da RISGA, Tarxeta Básica) ou gran parte dos concellos.



- Empeora a **taxa de pobreza feminina** e crece a fenda de xénero. Das case 690.000 persoas que no 2023 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, preto de 305.000 eran homes (case 17.000 máis, 1,3 puntos) e pouco máis de 384.000 mulleres (35.215 máis, 2,4 puntos). Agudízase a feminización da pobreza.
- O **risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil** aumenta e seguen a ter as taxas máis elevadas por grupo de idade, o 28,2%, en 2023. Por outro lado, incrementase a taxa de pobreza nos fogares con nenos e nenas, en 2023 o 27,1% está en AROPE (2,7 puntos máis que en 2022), fronte ó 24,3% que vive sen menores (1,4 puntos máis que no ano anterior). Do que se deduce que, ter fillos, é un factor de empobrecemento para as familias.

Tal el como se indica no informe, o *incremento da taxa de pobreza infantil vén dada de que moitos dos nenos e nenas que a experimentan pertencen a familias monoparentais (80% encabezado por mulleres), un tipo de fogar no que tamén se incrementou a taxa de pobreza no conxunto do estado, do 49,2% no 2022 ó 52,7% en 2023.*

- A **taxa de pobreza severa** (con ingresos máximos de 611€ mensuais nun fogar dunha persoa ou 1.283€ no de dous adultos e dous nenos ou nenas) mantense mais ou menos estable, aumentando lixeiramente do 6,8% ó 7,0% (0,2 puntos máis) unhas 189.000 persoas, e segue a manterse por debaixo da media estatal (8,3%, 1,3 puntos mais alta). O dato de pobreza severa en Galicia é o sétimo máis baixo das CCAA.
- De non existir ningunha **transferencia pública** (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia, en 2023 a situación de pobreza chegaría ó 46,6% (ampliándose un

140,2%, 17,2 puntos), o que se traduce en 1.258.000 persoas en total, 735.000 mais.

- Con todo, pódese dar conta a través dos datos que **existe unha menor ambición política e orzamentaria**. Se comparamos os datos con anos anteriores, nos últimos tres anos o impacto de medidas estatais, autonómicas e locais reduciuse practicamente á metade: 10,4 puntos no 2021, 8,4 no 2022 e 5,6 no 2023.

DÍA ERRADICACIÓN DA POBREZA COA VALEDORA DO POBO E PARLAMENTO

O XIV Informe do Estado da Pobreza en Galicia 2024 presentouse o 17 de outubro, Día Internacional pola Erradicación da Pobreza, nun acto na sede da Valedora do Pobo, en Santiago de Compostela.¹⁹

Nel tomaron partido a propia Valedora, María Dolores Fernández Galiño, e membros da Xunta Directiva de EAPN Galicia. O acto

estivo aberto a medios de comunicación e tamén estiveron convidados representantes dos grupos parlamentarios, Raquel Arias do PPdeG, Paloma Castro do PSdeG, e Olalla Rodil do BNG.



A Valedora salientou na súa intervención que a pobreza “*debe de ser examinada cun enfoque de dereitos humanos*”. Con esta opinión coincidiu Ana Pardo, presidenta de EAPN Galicia que sinalou que “*o camiño para reducir a pobreza e a exclusión social está moi claro. Son precisos orzamentos ambiciosos e un esforzo compartido entre o Goberno Central, a Xunta de Galicia, concellos e o Terceiro Sector*”.

Todas as persoas alí presentes que participaron no desenvolvemento do acto coincidiron en que , para acadar o compromiso do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030

¹⁹ <https://www.youtube.com/watch?v=PNUr4PNPXdo>

de reducir no 2030 ó 14% a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, é imprescindible potenciar en todas as administracións as medidas e orzamentos en materia de dereitos e políticas sociais, vivenda ou acceso ó emprego.



De feito, a presidenta de EAPN Galicia, Ana Pardo, quixo salientar na súa intervención final, **Claves de futuro para a loita contra a pobreza e a exclusión social**, "O pasado ano falabamos de datos positivos pero xa vaticinabamos un futuro un tanto complexo. É a nosa obriga transmitir preocupación en vista do empeoramento dos

datos pero en ningún caso desánimo ou derrotismo. Algúns indicadores como a relativa redución da pobreza severa permítenos albergar algún optimismo sempre que vaia acompañado de vontade política.

Non hai ningunha razón económica obxectiva e si unha decisión política para non aumentar os orzamentos autonómicos e municipais adicados en primeiro lugar á implantar medidas urxentes de emerxencia para o acceso a produtos básicos, como un primeiro paso para garantir o dereito, nunca a obriga, de acceso a procesos integrais, áxiles e estables de acompañamento para facilitar o acceso á RISGA, o Ingreso Mínimo Vital, a vivenda ou o emprego.

Non é admisible levar case 1000 días incumprindo a Lei de Impulso Demográfico sen implantar o urxente plan de apoio ás familias monoparentais (o 52,7% seguen na pobreza)."

**APOIO ECONOMÍA SOCIAL E SOLIDARIA: CONSELLO
ECONOMÍA SOCIAL**

EAPN Galicia é membro do Consello Galego de Economía Social, en representación das entidades do Terceiro Sector Social (asociacións e fundacións). Neste senso participou activamente na xuntanza do Consello.

Tamén se participou en actividades organizadas polo Foro de Economía Social de Galicia, como a súa asemblea do 31 de maio ou na Xornada de presentación do Plan Integral de impulso á Economía Social (07.02)

Mantívose a relación coa Banca Ética FIARE para difundir os seus servizos ás entidades do Terceiro Sector para a xestión da operatividade cotiá, a captación de fondos, a xestión da tesoureiría ou ferramentas de financiamento e crédito.

Finalmente, na liña de colaboración entre EAPN e EspazoCoop, avanzouse na elaboración do convenio de colaboración e na planificación de actividades compartidas no 2025 que comezarán compartindo local xunto á Fiare e a Coordinadora Galega de ONGD.

BOLETÍNS PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DA INFORMACIÓN

BOLETÍN “ENREDESOCIAL”

O boletín informativo quincenal EnRedeSocial, activo desde o 2018, seguiu este 2024 con información de interese no eido da acción social e defensa de dereitos, así como das actividades desenvolvidas desde as ONG de acción social e de cooperación.



Seccións EnRedeSocial:

- **Traballando en Rede:** nesta sección inclúense novas de EAPN Galicia, ou outras Redes en España.
- **Entidades defendendo dereitos:** sección adicada a entidades, membro de EAPN Galicia que reivindique e loiten polos dereitos das persoas.
- **Información útil:** novas de prensa, relativas ó Terceiro Sector, pobreza e exclusión social, así como outros documentos, estudos ou artigos que se consideren de interese.
- **Emprego e Voluntariado:** apartado para incluír ofertas laborais do sector social en Galicia.
- **Formación e recursos para a inclusión:** sección dedicada a difundir proxectos, cursos ou formacións, puntuais ou desenvolvidas ó longo do tempo, preferentemente das entidades membro.
- **Axenda:** esta sección está destinada a eventos e actividades de interese, de carácter máis lúdico que formativo, desenvolvidos por entidades do Terceiro Sector.

Ó remate deste ano, editáronse 23 números. Co interese e utilidade que suscita [EnRedeSocial](#), as persoas subscritoras aumentaron dende as 1523 ata as 1.871 a finais do 2024.

*BOLETÍN SEMANAL INTERNO. NOVIDADES CONSELLO
XUNTA, NOVAS POLÍTICA SOCIAL, MATIASS, ETC*

Co fin de favorecer que as entidades membro teñan coñecemento das novas que poidan ser do seu interese, elaborouse cada semana un boletín no que, de forma breve, achegábase o máis salientable da semana. Publicación de axudas, novidades lexislativas ou formacións de interese entre outros.

recollendo diferentes aspectos como

Apartados do Boletín:

- **Consello da Xunta:** inclúe novas e aprobacións de interese para as entidades do Terceiro Sector do Consello da Xunta de cada semana.
- **Novas das Xunta de Galicia:** este apartado incorpora os anuncios e as medidas da Xunta de Galicia en clave social.
- **Transparencia e goberno aberto:** apartado dedicado ó contido compartido polas consellerías en relación a Proxectos ou Anteprojectos de Lei.
- **Novas Política Social:** novas e anuncios vencellados á Consellería de Política Social e Igualdade.
- **MATIASS e convocatorias de interese:** información sobre prestación e recursos sociais, formación e lexislación, convocatorias de axudas ou de financiamentos de interese especializadas nas áreas do Terceiro Sector que figuran dentro desta plataforma.
- **Actividades:** eventos e formacións susceptibles de interese para integrantes do Terceiro Sector.

PLAN TRANSFORMACIÓN DIXITAL EAPN GALICIA (OFFICE 365, ONE DRIVE, TEAMS)

No 2024 concluíu a posta en marcha do Office 365 tanto de todo a información e arquivos, co paso das diferentes direccións de correo electrónico a este sistema, a elaboración de listas de correo temáticas e a actualizacións das bases de datos que son a base das listas do correo electrónico.

Nestes momentos, EAPNG Galicia atópase á espera de que lle sexa aprobado o Kit Dixital 2024.

BOAS PRÁCTICAS AUTOCOIDADO E PREVENCIÓN RISCOS PSICOSOCIAIS NO TERCEIRO SECTOR DE ACCIÓN SOCIAL

Dende EAPN Galicia consideramos que é necesario dedicar un tempo de calidade en afondar nas claves que están xerando que algúns equipos profesionais manifesten cada vez máis unha forte desmotivación e fatiga polo desempeño do seu rol profesional. Paradóxicamente na actualidade o groso das entidades sociais están invertendo cada vez máis medios humanos e económicos en mellorar as condicións laborais e de prevención de riscos nos seus equipos.

Ante este panorama, comézase a falar cada vez máis dos conceptos **coidado e autocoidado**, como ferramentas que permiten mitigar todo o impacto que reciben as e os profesionais. Son bastantes as entidades do Terceiro Sector de Acción Social (TSAS) que as están a implantar pero o coñecemento compartido é aínda escaso.

Por outra banda, pero moi relacionado, atopámonos con cargos directivos de entidades que recoñecen atoparse ante un gran reto á hora de manter a calidade da atención das persoas participantes, que se atopan en situacións cada vez máis vulnerables, fronte ás necesidades dos equipos humanos.

Este escenario obríganos a revisar o contexto actual no que nos desenvolvemos para tentar atopar as claves que permitan que os equipos profesionais contén coa calidade e condicións axeitadas para o desempeño profesional, sen restar na calidade da atención ás persoas participantes.

É por isto que unha das nosas primeiras accións foi a **recompilación de boas prácticas** que xa se están levando a cabo en moitas entidades para o estudo e difusión das

mesmas. Por este motivo, este ano 2024, lanzouse unha [enquisa ás entidades do Terceiro Sector de Acción Social](#)²⁰.

Polo momento, 13 entidades amosaron a súa vontade de pertencer ó grupo de auto coidado: Fundación Meniños, Fundación Ronsel, Acción contra el Hambre, Boa Vida Inclusión Activa e Movemento Pola Paz MPDL Galicia.

²⁰https://forms.office.com/pages/responsepage.aspx?id=r8_mXw4oj0KNCyf5EYBh1kx6XvhIJZakIQVbWrZF8dUMjRfWFhCVDBMOFRKUKUwV0ozUkcyMkpHSS4u&route=shorturl

MÁIS INFO

- <https://eapn-galicia.com>
- [@EAPNGalicia en X](#)
- [EAPN Galicia e EnRedeSocial en Facebook](#)
- [EAPN Galicia en LinkedIn](#)

📧 [Subscríbete a En Rede Social](#) e súmate ás 1871 persoas que xa reciben cada quince días o boletín de referencia do Terceiro Sector Social galego.



Rede Europea de Loita Contra
a Pobreza e a Exclusión Social
www.pobreza.gal